

M, O VAMPIRO DE DÜSSELDORF

[Fritz Lang, 1931]

400

PASES EN NUMAX: 26 de xuño, 5 e 11 de xullo | V.O.S.E.

M (1931, 111')

Dirección: Fritz Lang

Guión: Thea von Harbou, Fritz Lang

Elenco: Peter Lorre, Otto Wernicke, Gustav Gründgens, Theo Lingens, Theodor Loos, Georg John, Ellen Widman, Inge Landgut

Son: Paul Falkenberg, Adolf Jansen

Montaxe: Paul Falkenberg

Dirección de arte: Emil Hasler, Karl Vollbrecht

Fotografía: Fritz Arno Wagner

Música: Edvard Grieg

Produtoras: Nero Film (Alemaña)

Distribuidora: Classic Films

Formato de proxección: DCP2K, 1.20:1

Idioma orixinal: Alemán

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

Los sobornados, 1953

Encubridora, 1952

Perversidad, 1945

La mujer del cuadro, 1944

Los verdugos también mueren, 1943

Furia, 1936

Metrópolis, 1927

PREMIOS E FESTIVAIS

National Board of Review 1933
(Mellor filme estranxeiro)

SINOPSE

Un asasino de nenas ten atemorizada a toda a cidade. A policía buscao frenética e desesperadamente, detendo a calquera persoa minimamente sospeitosa. Pola súa parte, os xefes da hampa, furiosos polas redadas que están a sufrir por culpa do asasino, deciden buscalo eles mesmos.

«Un modelo de suspense psicolóxico e un impresionante alarde da habilidade e o poderío de Lang»

Edward Guthmann,
SAN FRANCISCO CHRONICLE



M, O VAMPIRO DE DÜSSELDORF

[Fritz Lang, 1931]

“A loita do individuo contra o seu destino está presente en todos os meus filmes”

Entrevista con Fritz Lang
Por Gero Gandert (1963)

Como chegaches ao tema de *M, o vampiro de Düsseldorf*? Xurdiu no propio ano 1931? Son un ávido lector de xornais, non leo os xornais dun só país e poño empeño, sobre todo, en ler entre liñas. Téñome interesando por milleiros de cousas na miña vida e todas veñen dun interese primario: o ser humano. E non só o que fai —na inocencia ou na culpabilidade— senón en que o move a actuar. Como podo explicar con honestidade como chego a un tema? Que me influenciou? Podería ser a caída dunha folla en outono ou un lóstrego... Cando creo nun tema emprendo un gran proceso de pesquisa. Gústame saber até o detalle máis significativo (ou insignificante). No intre en que decidín facer *M*, achegueime aos covardes actos dunha chea de asasinados en serie e por suposto pregunteime que os puido inducir a esas accións. Ningún dos que tiña noticia era asasino de nenos, pero en Breslau, naquela altura, cometéranse terribes crimes contra crianzas sen que ningún fora apreado. En *M* presentóuseme a necesidade de examinar que pode levar a unha persoa a cometer un crime tan horríbel como asasinar

nenos, mais tamén avaliar a pertinencia da pena capital.

Tiveches algún modelo concreto para o personaxe do inspector Lohmann?

Non, no sentido de que eu fun o creador das súas cualidades humanas, a súa xovialidade e sentido do humor. Mais é certo que fun aconsellado por membros de equipos de investigación policial sobre os métodos de busca de criminais. Tamén mantiven longas conversas con psiquiatras e psicanalistas sobre o estado mental de asasinados compulsivos.

A crítica ten sinalado que os teus filmes conteñen elementos románticos como, no caso de *M*, as escenas cos mendigos. Que opinas desta observación?

Coido que esa afirmación é bastante superficial. Non creo que haxa elementos románticos en *M*, nin en *Furia* (1936), *Perversidad* (1945), *Mientras Nueva York duerme* (1956) ou *Los sobornados* (1953), se cadra elementos pintorescos, mais non románticos. Se se refiren a escenas de *La muerte cansada* (1921) ou *Los contrabandistas de Moonfleet* (1955), é certo que si sitúan en escenarios románticos pero iso non significa que haxa unha falsificación dos personaxes na procura dun romatismo, no senso negativo do termo. Canto á escena do mercado de mendigos cómpre sinalar que ese mercado existe en Berlín e mesmo alí había unha revista especializada en temas criminais, da que por desgraza non lembro o nome.

Os críticos tamén teñen falado da influencia de Bertolt Brecht e a súa

Ópera de a patacón en obras como *M*. Que opinión che merece? Se me influenciou Brecht? Pois claro. A cal dos seus contemporáneos non influenciou? Acaso podería ignorar un xenio coma el? Iso non significa, porén, que eu teña que adoptar os seus puntos de vista. Un debe desenvolver o seu propio estilo, non só as influencias do que vai encontrando.

Hai unha serie de motivos fundamentais que adoitan repetirse nos teus filmes: o inexorable destino dos personaxes, a persecución da culpabilidade e a inocencia, ou a morte, que é máis forte cós personaxes...

A loita do individuo contra o seu destino está presente probabelmente en todos os meus filmes, xente loitando contra unha forza e un poder superior, xa sexa o poder dunha inxustiza xeralmente aceptada ou o dunha organización, sociedade ou autoridade corrupta. Tamén pode ser o poder da propia consciencia ou inconsciencia dos personaxes.

Mais cando dis que nos meus filmes a morte é máis forte cós personaxes, teño que dicir que é falso. Creo que ás veces a morte é preferíbel á vida baixo condicións miserábeis e que un debe loitar por conquistar o que considera correcto, mesmo contra poderes máis fortes, mesmo se a morte é unha ameaza nesta loita. É a loita, a oposición, o que é importante.

Publicado en *Fritz Lang, interviews*, Barry Keith Grant (University of Mississippi / Jackson, 2003)
Tradución: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

***M, o vampiro de Düsseldorf*, Fritz Lang**
Divisa [DVD]

***De Caligari a Hitler*, Siegfried Kracauer**
Paidós, 1985

***Fritz Lang*, Peter Bogdanovich**
Fundamentos, 1991

***La escultura en Fritz Lang*, VV.AA**
Maia Ediciones, 2008

***Metrópolis*, Fritz Lang**. Divisa [DVD]

Fritz Lang (Metrópolis, El doctor Mabuse, La mujer en la luna). Divisa [DVD]

***Spione*, Fritz Lang**. Divisa [DVD]

***Los sobornados*, Fritz Lang**. Feel Films [DVD]

***Mientras Nueva York duerme*, Fritz Lang**
Feel Films [DVD]

***La muerte cansada*, Fritz Lang**.
Divisa [DVD + BluRay]

***Perversidad*, Fritz Lang**. Versus [DVD]

***La mujer en la luna*, Fritz Lang**. Divisa [DVD]

***Furia*, Fritz Lang**. Warner [DVD]

Abónate
e ven sempre
por
4,5€

**Faite
NUMAX!**